



## CONTAS DE CORREO ICA SANTIAGO (icasantiago.org)

As contas de correo electrónico que lles ofrece o ICA Santiago aos seus colexiados e colexiadas co dominio icasantiago.org están aloxadas no servidor do Consejo General de la Abogacía Española, que inclúe o servizo de mantemento e o paquete Office 365 en liña.

**En setembro de 2025 finaliza o contrato** que o CGAE ten subscrito con Microsoft para a prestación do servizo de correo electrónico Office 365. Debido ao progresivo encarecemento do produto, o Pleno do CGAE non renovará a contratación deste servizo coas mesmas condicións e prestacións.

Como consecuencia destes cambios, a partir de setembro de 2025 o CGAE seguirá prestando este servizo de mantemento **só para o correo electrónico**, pero sen o paquete Office 365 que incluía o OneDrive (nube). Así mesmo, a partir de setembro de 2025, **este servizo terá un custo** para o usuario que decida manter este correo, que será de **entre 16 a 25 euros anuais**.

Por todo isto, a Xunta de Goberno, na sesión do pasado 06.05.2025, tomou o acordo de seguir mantendo as nosas contas de correo electrónico no servidor do CGAE só para os colexiados que así o soliciten por escrito. Para isto, abrírase un **prazo ata o 19 de maio, ás 14 h**, para que aqueles colexiados e colexiadas que teñan o seu correo electrónico co dominio icasantiago.org manifesten por escrito, no formulario que se achega, que queren seguir utilizando e asumir o dito custo anual (entre os 16 e 25 euros, que dependerá do número de licenzas que se contraten).

Entenderemos que os usuarios destas contas (icasantiago.org) **que non remitan o formulario** dentro do prazo indicado **non desexan continuar co servizo do correo electrónico colexial**.

- Características das novas licenzas de correo electrónico:
  - Capacidade de 50 xigas
  - Tecnoloxía Exchange
  - Filtro antispam
  - Posibilidade de remitir correos de ata 150 Mb
- A nova licenza non inclúe:
  - Office 365
  - Teams
  - OneDrive

### **Prazo:**

Establécese un prazo **ata o 19 de maio, ás 14.00 h**, para que os usuarios do correo icasantiago.org manifesten por escrito, no formulario anexo, se queren seguir utilizando o devandito correo pagando o custo anual do mantemento da licenza (entre 16 a 25 €/ano). Remitir a [informatica@icasantiago.org](mailto:informatica@icasantiago.org)

Aqueles usuarios que non queiran seguir utilizando o correo icasantiago.org deberán canto antes iniciar o proceso de migración ou gardado dos datos da conta ([Guía exportación correos electrónicos](#)).



## CIRCULAR INFORMATIVA 9/2025



ILUSTRE COLEXIO  
DA AVOGACÍA DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
SAÍDA Nº: 202500147  
DATA: 08/05/2025 17:18  
PÁXINA 2 DE 2

Os usuarios que teñan documentación no OneDrive de icasantiago.org **terán que exportar eses documentos a unha carpeta local ou a un disco duro** ([Guía para facer copia OneDrive](#)).

O CGAE ofrece a seguinte ligazón na súa web con máis información e manuais: <https://correo.abogacia.es>

Para resolver calquera dúbida poderase contactar no colexio con Carlos Polo ou Manuel Arza (981 581 713).